



DATOS IDENTIFICATIVOS

Galego estándar: Aplicacións profesionais no mundo dixital

Materia	Galego estándar: Aplicacións profesionais no mundo dixital			
Código	V01G430V01704			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.gal			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia pretende axudar a identificar diferentes saídas profesionais relacionadas coa lingua galega, dar a coñecer de primeira man algúns deses ámbitos profesionais concretos, así como aplicar nos distintos campos laborais o aprendido sobre a lingua galega.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.			
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.			
C6	Saber crear, editar e expoñer textos orais ou escritos de distintos tipos e variedades que satisfagan as necesidades do público ao que están destinados e poder asesorar lingüisticamente na súa redacción a non especialistas.			
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.			
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar os usos profesionais da lingua galega.	A2			
Valorar as posibilidades que a lingua galega ofrece para a inserción laboral.	A2	B2		
Aplicar e integrar os coñecementos aprendidos sobre lingua galega en diferentes ámbitos profesionais.	A2	B2	C6	D1
		B3	C7	D3
Avaliar as necesidades de diferentes campos laborais relacionados coa lingua galega e saber como responder o máis satisfactoriamente posible a elas.	A2		C6	D1
			C7	D3

Contidos

Tema				
1. A lingua galega e os seus usos profesionais	1.1. O galego e o mundo do ensino (necesidades educativas especiais, lectorados de galego etc.) 1.2. Preparación de oposicións** /probas de acceso			

2. Medios de comunicación escritos e audiovisuais	2.1. O asesoramento lingüístico 2.2. Outros labores
3. Editoriais e novos formatos dixitais	3.1. Produción editorial 3.2. O galego na rede
4. O galego noutros campos profesionais	4.1. Asesoramento no mundo comercial, institucional... 4.2. Traslado (inter)lingüístico e refalado 4.3. Outros

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	21	16	37
Saídas de estudo	6	10	16
Actividades introdutorias	2	0	2
Proxecto	12	35	47
Observación sistemática	1	0	1
Traballo	10	37	47

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	A partir dos diferentes contidos que se vaian tratando, o estudiantado irá realizando prácticas específicas para cada un deses ámbitos (daráselle prioridade ó emprego das TIC). Prácticas que haberá que ir subindo regularmente á plataforma Moovi.
Saídas de estudo	Trátase de actividades que perseguen a aplicación de coñecementos, preferentemente, nun espazo externo. Deste xeito o estudiantado poderá coñecer, in situ, como se realiza a práctica profesional, alén de que tamén poderá interactuar cos/as profesionais de cada ámbito visitado. Realizarase un pequeno informe despois da actividade (que se subirá a Moovi).
Actividades introdutorias	Son as explicacións e actividades que se realizan o primeiro día de clase dedicadas a expoñer a estrutura, obxectivos, avaliación e principais tarefas do curso.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Proxecto	O alumnado levará a cabo, en colaboración con estudiantado de Linguas Estranxeiras e mais da Universidade de Leiden, un International Virtual Collaboration Project, que consistirá na elaboración dun vídeo (Knowledge Clip) que recollerá un labor de revisión de bibliografía e sistematización de datos recollidos a través de entrevistas. Tamén se redactará e entregará un breve deseño do proxecto. Este proxecto contará coa guía constante das persoas docentes implicadas.
Traballo	Ó longo do curso iranse proporcionando diferentes indicacións para desenvolver o traballo. Todas as consultas relacionadas coa súa elaboración atenderanse tanto na aula coma nas titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	Durante o cuadrimestre iranse desenvolvendo diferentes actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites temporais que se indiquen.	25	A2 B2 C6 D3 B3 C7
Saídas de estudo	Ó longo do curso realizaranse, sempre que sexa posible, diferentes saídas a contornas profesionais concretas (editorial, medios de comunicación, servizos de normalización...); se non fose posible, serán os/as profesionais quen veñan á aula da FFT asignada a esta materia.	10	A2 B2 B3
Proxecto	O estudiantado participará, en colaboración con alumnado da Universidade de Leiden e de Linguas Estranxeiras, no proxecto Virtual International Collaboration Project. O proxecto, colaborativo, será guiado e explicado minuciosamente polo profesorado. O resultado final será un breve deseño do proxecto e un vídeo clip conxunto.	30	A2 B3 C6 D1 C7 D3
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas.	5	C6 D1 C7 D3

Traballo	O traballo, preferentemente individual, é obrigatorio e a data límite de entrega coincidirá coa data oficial do exame na FFT (en cada unha das dúas edicións das actas). Poderase realizar unha pequena presentación (aínda que non estea concluído), seguindo as indicacións que se proporcionen. Centrarase, sempre dende unha vertente práctica, nalgún dos grandes eidos temáticos que se desenvolvan durante o curso.	30	A2 B3 C6 D1 C7 D3
----------	--	----	----------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

Por defecto, enténdese que o estudiantado opta por un sistema de avaliación continua; se non fose así, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar independentemente proxecto, traballo, prácticas e saídas de estudo. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) poderanse recuperar na segunda edición (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que propondrá outras accións compensatorias.

-Avaliación única (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xuño/xullo), a través dun exame final escrito [40%] e doutro exame oral [20%] sobre todos os contidos teórico-prácticos da materia, que se realizarán nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial, e mais de un traballo (seguindo as indicacións que se fornezan) [40%]. Cómpre superar tanto os exames coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte.

Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudiantado da súa responsabilidade neste aspecto. A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. e X. Xove, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega**, 2, A Nosa Terra, 2002-2006

Bibliografía Complementaria

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega (versión 3.2)**,

<https://www.cirp.es/bdo/bdo-bilega3.html>, CRPIH, 2022

Túñez López, M., **Perfís dos profesionais da información e a súa relación coa lingua**, ISBN 978-84-96530-51-5, CCG, 2007: 135-146

Recomendacións

Outros comentarios

Para poder seguir esta materia precísase ter un coñecemento elevado do galego, polo menos un B2. Sería desexable ter cursado a materia de Gramática práctica galega de 2º curso.

Ó longo do curso iranse fornecendo outras referencias bibliográficas específicas alén das recollidas nas fontes de información.